

PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Cada centro, dentro do seu proxecto educativo, elaborará o seu proxecto lingüístico cada catro cursos escolares

REVISIÓN Nº :
DATA2022

1. INTRODUCCIÓN

As linguas constitúen un elemento básico de identidade cultural e representan un valor fundamental de cohesión dunha comunidade.

Tanto a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, xunto co Plan Xeral de Normalización Lingüística de 2004 e tamén tendo en conta o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo e que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística, onde sinala que cada centro elaborará cada catro anos o Proxecto Lingüístico de Centro. Para potenciar o uso do galego en dito decreto sinálase a constitución dos equipos de dinamización da lingua galega.

Este Proxecto Lingüístico forma parte do Proxecto Educativo do noso Centro. Foi redactado por una comisión do profesorado do centro, designada polo Equipo Directivo. Na composición desta comisión tivo especial relevancia o Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

A normalización lingüística dun centro é unha tarefa compartida polo que se debe acadar unha implicación dos diferentes membros da comunidade educativa: profesorado, alumnado, nais, pais e persoal non docente. Só deste xeito lograremos desenvolver os obxectivos normalizadores. Dende o equipo de Dinamización da Lingua Galega, máis alá de propostas puntuais e de organización de actividades, tentaremos levar a cabo unha función dinamizadora, coordinando e fomentando cantas iniciativas xurdan na comunidade escolar a prol do uso normal e efectivo da lingua galega, poñendo os medios necesarios, dentro das posibilidades do Equipo, para que esas actividades se desenvolvan.

O noso Proxecto Lingüístico do Centro foi aprobado e avaliado polo Consello Escolar do Centro Educativo.

2. CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

O centro atópase no lugar de Baño, do concello de Valga, situado no rural, moi preto do centro urbano de Pontecesures e da cidade de Padrón. Este concello caracterízase pola dispersión da súa poboación. Non existindo un centro urbano propiamente dito. A situación económica das familias é moi variada aínda que polo xeral, é media-baixa. Os sectores de produción dominantes son o primario e o secundario (industrias relacionadas coa construción).

Na súa inmensa maioría o alumnado é galegofalante, tanto no seu ámbito familiar e na súa vida cotiá coma no ámbito escolar.

No tocante á ambientación lingüística do centro hai que facer constar que : a lingua galega emprégase na documentación administrativa do centro e en todas as situacións de carácter interno; a dotación de fondos de libros en galego é similar á de fondos en castelán en canto a libros de lectura, pero menor en películas e xogos didácticos; o material en lingua inglesa está en inglés; a páxina web do centro está en galego así como as actividades do plan das TICs; o alumnado procedente da emigración e mínimo.

O centro acolle aproximadamente 60 alumnos/as de Educación Infantil e ao redor duns 200 en Educación Primaria. En Infantil as aulas soen completar a ratio de 25 e en Primaria hai unha media de 20 alumnos/as por aula.

Nestes últimos anos, tivemos a incorporación de alumnado procedente do extranxeiro.

3. OBXECTIVOS XERAIS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Os obxectivos formulados son os seguintes:

- Fomentar o uso do galego no centro entre o profesorado e o alumnado, entre o profesorado e as familias e entre o profesorado e a comunidade educativa.
- Usar, tanto a nivel oral como escrito, a lingua galega como medio de comunicación, expresión e traballo, promovendo o seu uso en todo o contorno escolar.
- Promover actitudes positivas no uso da lingua galega en toda a comunidade educativa.
- Crear, difundir e fomentar unha actitude positiva perante o bilingüismo (e no caso do noso centro tamén do plurilingüismo).
- Amosar boa disposición para utilizar a lingua galega como lingua vehicular no centro.
- Acadar unha maior normalización do idioma galego na vida social do centro.
- Continuar co mantemento da páxina web do centro en galego.
- Facer uso da lingua galega como medio para acceder ao coñecemento da realidade física, social e cultural.
- Empregar axeitadamente o vocabulario básico propio do nivel ou da etapa.

- Usar a lingua galega con normalidade en calquera situación.
- Ler e expresarse oralmente en lingua galega.
- Empregar as novas tecnoloxías como medio para dinamizar e difundir o uso do galego, así coma outras actividades realizadas a nivel de centro.
- Mellorar os coñecementos na lingua galega do alumnado, prestando especial atención aos/ás alumnos/as non galego/a – falantes.
- Contribuír á adquisición por parte do alumnado dunha boa competencia lingüística nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- Incentivar a participación do alumnado nas actividades que fomenten o uso do galego.
- Mellorar a competencia lingüística en galego do profesorado e incrementar o uso progresivo da lingua galega nas actividades diarias propias da función docente respectando as especificidades derivadas da ensinanza doutras linguas.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

- a. Velar polo compromiso de que tódolos comunicados se realicen en lingua galega.
- b. Manter vivas as tradicións con celebracións como “Magosto”, “Samaín”, “Entroido”, “Festa dos Maios”,...
- c. Elaboración de unidades didácticas, proxectos, material multimedia,... en galego.
- d. Campañas de fomento dos xogos tradicionais galegos: billarda, peóns, mariola,...
- e. Asistencia a actividades culturais que contribúan á promoción da nosa lingua.
- f. Visitas culturais: parques etnográficos, castros, museos, portos, vilas... e outras instalacións que se signifiquen pola defensa e promoción da cultura galega.
- g. Intercambios con outros centros de ensino de Galicia.
- h. Organización de certames de poesía, pintura, narrativa, ensaio,... en lingua galega.
- i. Mantemento da páxina web, elaborada na súa totalidade en galego.
- j. Procurar a provisión de fondos bibliográficos, cinematográficos e fonográficos en lingua galega.

- k. Solicitar axudas económicas para actividades que promovan o fomento do idioma galego.
- l. Fomentar a coordinación entre os equipos para que potencien o uso do idioma nun mesmo ámbito sectorial e con accións concretas e eficaces.
- m. Animar aos equipos do centro para que a súa acción incida sobre a súa contorna.

5. **DECISIÓN DO CENTRO EDUCATIVO RESPECTO DA LINGUA EN QUE SE IMPARTIRÁN AS MATERIAS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA**

PRIMARIA	1º EP		2º EP		3º EP		4º EP		5º EP		6º EP	
	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI	H	LI
MATERIA												
CIENCIAS NATURAIS	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G
CIENCIAS SOCIAIS	3	G	2	G	3	G	2	G	2	G	3	G
EF	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C	2	C
LINGUA CASTELA	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C	3	C
1ª LINGUA ESTRANXEIRA	2		2		3		3		3		3	
LIGUA GALEGA	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G	3	G
MATEMÁTICAS	5	C	5	C	4	C	4	C	5	C	5	C
MÚSICA	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G	1	G
PLÁSTICA	1		1		1		1		1		1	
RELIXIÓN/VALORES ÉTICOS	1	G	2	G	1	G	1	G	1	G	1	G
LIBRE CONFIGURACIÓN							1				1	
CASTELÁN (%)												
GALEGO (%)												

Na etapa da educación infantil, seguindo o *DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia*, segundo o cal na etapa de educación infantil o profesorado fará un uso normalizado da lingua galega nos diversos ámbitos e situacións como medio para garantir o seu coñecemento práctico e axeitado ao remate do ensino obrigatorio. Nesta etapa aténdese ao alumnado de xeito individualizado tendo en conta a súa lingua materna, e o profesorado procura que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, a outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites da etapa ou ciclo.

6. EXENCIÓNS

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

a. PROCEDEMENTOS DE SOLICITUDE (ORDE 10/2/14)

1. A solicitude da exención da materia de lingua galega deberá presentarse en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento

Administrativo común, para o que se utilizará o formulario normalizado que figura como anexo desta orde, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.es>. A referida solicitude irá asinada seu pai/nai/titor/titora ou pola persoa que teña a súa representación legal, e nela expóranse as razóns polas que se solicita a exención. No caso de que se envíe por correo, este deberá ser certificado, co selo de Correos na primeira folla do formulario, para garantir que a data de remisión é anterior ao remate do prazo de presentación da solicitude.

2. A solicitude dirixirase á persoa titular da Dirección do centro docente onde o alumno ou a alumna curse os seus estudos.
3. No caso que a persoa solicitante ou a persoa que a represente non preste o seu consentimento para a comprobación dos datos de identidade no sistema de verificación de datos de identidade do departamento ministerial competente, no modelo normalizado da solicitude conforme o previsto no anexo da presente orde, deberá achegar a copia do documento de identidade correspondente.
4. Se a solicitude é presentada por algunha das persoas proxenitoras do menor ou da menor solicitante, xunto coa solicitude achegárase o documento acreditativo da representación alegada.
5. A exención solicitarase para cada ano académico de permanencia na Comunidade Autónoma de Galicia e os seus efectos limitaranse ao citado ano, sen que se poidan conceder máis de dous cursos escolares, conforme o previsto no artigo 3 da presente orde.

b. MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DAS LINGUAS POIDA SEGUIR CON APROVEITAMENTO AS ENSEÑANZAS QUE SE LLE IMPARTEN

Nos casos nos que un alumno/a non teña o suficiente dominio lingüístico nas linguas oficiais levaranse a cabo unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a correcta competencia lingüística. Farase unha avaliación inicial da competencia lingüística do alumno cando chegue ao centro, e contarase coa colaboración das familias, que serán informadas puntualmente, e demais membros do Equipo de Nivel.

No plano organizativo, teremos en conta os seguintes criterios:

χ O alumnado inmigrante e estranxeiro integrarase nas aulas correspondentes, á espera de ser avaliado o seu grao de coñecemento dalgunha das linguas oficiais.

χ Determinación polo orientador/a do centro, da necesidade de recibir unha atención específica, ou no seu caso unha adaptación da programación para o logro paulatino das competencias lingüísticas nas linguas oficiais.

χ Apoio individualizado na aula do titor ou titora, utilizando no inicio da súa escolarización preferentemente unha das linguas cooficiais onde se sinta con máis soltura o alumno/a e progresivamente introducilo no uso das demais linguas do currículo

χ O profesorado prestará especial atención as dúbidas de comprensión idiomática que presente o alumnado, tanto no referido ás explicacións do persoal docente como as que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.

χ Flexibilización dos contidos curriculares.

χ Atención individualizada por parte de diferente profesorado do centro que realiza funcións (sempre que o horario o permita) de reforzo educativo.

χ Fomentar a súa integración e interacción co grupo-clase.

χ Se cursa 5º ou 6º de Primaria poderá estar exento da lingua galega ata dous cursos. Por outra parte, entendemos que deberemos traballar os aspectos máis formais na primeira lingua, centrándonos máis na oralidade e nos aspectos máis informais e funcionais nas outras linguas. Isto suporá:

- Dar maior importancia ás destrezas orais.
- Utilización de textos da vida cotiá.
- Intentar que sempre estea presente o enfoque comunicativo.
- Integra-la utilización das TICs nas tarefas habituais.

Utilizarase como lingua vehicular o galego ou o castelán en función da que resulte máis próxima ou que represente unha menor dificultade para o uso no ámbito familiar. A decisión adoptarase consultando coa familia e de acordo coa mesma.

7. MEDIDAS DE COORDINACIÓN ENTRE AS MATERIAS DE LINGUAS IMPARTIDAS NO CENTRO. IMPARTICIÓN DO CURRÍCULO INTEGRADO DAS LINGUAS.

O Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de Ed. Primaria na Comunidade de Galicia, no punto 9 do artigo 15, referido aos principios metodolóxicos, expresa: "***Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas...***"

O currículo integrado das linguas supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística, máis aló das linguas nas cales exprésese o

individuo. Así, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode permitir a comprensión noutra lingua, as estratexias de comprensión lectora desenvolvidas nunha lingua poden servir para outros idiomas así como o coñecemento de certas regras de cortesía verbal fan presupoñer que outra comunidade de falantes tamén terá as súas propias regras e pode ser importante coñecelas e respectalas.

Evidentemente, esta competencia global móstrase con distintos niveis de capacidade segundo as linguas, as situacións comunicativas e as actividades nas que estea implicada unha persoa. Neste sentido, o currículo integrado das linguas baséase nunha idea fundamental: as linguas son ferramentas para a comunicación e a súa aprendizaxe e ensino baséase na súa utilización para a comunicación.

Isto implica asumir que a actividade fundamental na aula é o desenvolvemento de actividades comunicativas de produción e recepción de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística de xeito decisivo. Fomentar a participación do alumnado en actividades comunicativas é a tarefa principal do profesorado en relación coas linguas.

Dentro deste marco pedagóxico de integrar o tratamento, coordinar e compartir obxectivos, contidos, avaliación e metodoloxía no traballo das linguas, pretendemos:

- Mellorar a competencia lingüística do alumnado.
- Dinamizar a planificación lingüística do centro.
- Guiar cara a un proceso de ensino-aprendizaxe de linguas baseado no enfoque comunicativo e nas competencias clave.
- Racionalizar e optimizar os recursos institucionais para o ensino das linguas.
- Mellorar a formación do profesorado no que respecta ao plurilingüismo.

8. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA

a. COMPOSICIÓN

i. PROFESORADO

b. FUNCIÓNS

i. COORDINADOR/A

ii. EQUIPO

9. PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

Segundo se dispón no Decreto 79/2010 do 20 de maio para o Plurilingüismo do ensino non universitario de Galicia, na etapa de Educación Infantil o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua da contorna e procurará que o

alumnado adquira de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa.

O criterio para determinar a lingua vehicular será:

- Resultado da enquisa sobre a lingua materna realizada na admisión.
- Entrevista inicial coas familias.

A enquisa deu como resultado:

O 76% do alumnado ten como lingua materna e fala en galego.

O 15% do alumnado ten como linguas maternas o galego e o castelán e falan indistintamente nunha ou noutra lingua.

O 9% do alumnado ten como lingua materna e fla en castelá.

De cara a facilitar a aprendizaxe das dúas linguas, adoptaremos as seguintes medidas:

- Uso equilibrado das linguas castelán-galego.
- Atención preferente na lingua maternal
- Participación nas actividades que se realicen co resto do alumnado do centro e coas que se pretende fomenta-lo emprego da lingua galega.

En Educación Infantil a aprendizaxe da lingua é un proceso global, que atinxe todos os momentos educativos.

Algunhas das actividades para o desenvolvemento da competencia lingüística nas dúas linguas, tendo en conta que esta competencia está referida ao uso por parte do neno/a das catro destrezas da linguaxe: escoitar, falar, ler e escribir, son as seguintes:

- Os rituais diarios : a asemblea, o tempo de diálogo e a planificación das tarefas ao comezo do día.
 - Xogos interactivos nos que teña que responder ou continuar.
 - A creación das normas da clase.
 - Cancións e retrosos.
 - Buscamos información en libros sobre o proxecto que estamos a traballar.
 - Lemos tarxetas de vocabulario e vemos fotos relacionadas co proxecto.
 - Facemos unha lista enumerativa de palabras relacionadas cun tema.
 - Descrición de obxectos, persoas e situacións.
 - Aprendemos e escribimos receitas.
 - Programa PELO: estimulación da linguaxe oral.
 - Contacontos e concertos musicais en lingua galega.
-

- Lectura e escoita de contos con especial incidencia na literatura dos nosos días.

- Traballamos elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións: oficios, xogos populares, festas como o magosto, Samaín, entroido...)

- Promoción do uso do galego nos espectáculos, celebracións, charlas, circulares...

- Colaboración coas institucións locais para organizar e participar en actividades conxuntas (día de Rosalía, Letras Galegas...)

10. PLURILINGÜISMO

a. PROGRAMAS ESPECÍFICOS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO (CON NEAE)

b. CENTROS PLURILINGÜES

O ideal é unha incorporación temperá do ensino da lingua estranxeira como medio de comunicación. A aprendizaxe ten que ser motivadora para xerar unha actitude positiva cara á lingua, aos seus falantes e á súa cultura. Procurarase que os contidos que se traballen teñan o grao de esixencia cognitiva e de contextualización necesarios para ser adquiridos a partir da competencia parcial que teñen os alumnos/as.

Algunhas claves:

- No tempo destinado ao inglés, comunicarse sempre en inglés. (Os apoios en L1 / L2 irán diminuindo co nivel de competencia do alumnado).

- Crear contextos nos que a lingua se use significativamente. (Con contextos significativos, información extralingüística e oportunidades de dialogar, crearemos as condicións para que os nenos e nenas utilicen de xeito significativo a lingua que descoñecen e que están aprendendo.

Na Educación Infantil, as rutinas xogan un papel esencial na aprendizaxe por diversas razóns, especialmente porque dan seguridade e crean situacións predecibles que poden anticipar).

- Garantir a comprensión, asegurando o coñecemento por parte do alumnado da situación de comunicación.

- Elaborar propostas de actividades motivadoras, que manteñan a atención para que o alumnado se implique emocionalmente na aprendizaxe.

- Facer uso das posibilidades que ofrecen as TIC.

- Dotar a biblioteca do centro dos recursos necesarios, motivadores e axeitados aos niveis do alumnado.

11. AVALIACIÓN

Segundo o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o Plurilingüismo, a avaliación do Proxecto Lingüístico do Centro debe ser aprobado e avaliado polo Consello Escolar (art. 14º).

Previamente, realizarase unha valoración desta na Comisión de Coordinación Pedagóxica, e as propostas que xurdan trasladaranse á reunión do Claustro de profesores para o seu debate.

As conclusións que se tiren expoñeranse no consello Escolar, quen como xa indicamos aprobará o Proxecto Lingüístico.

Cada curso escolar faranse as addendas correspondentes e ademais notificarase:

Os resultados en Educación Infantil, da pregunta aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado.

Información e valoración dos programas e actividades para o fomento e dinamización da lingua galega realizados polo centro educativo no curso.

Este Proxecto remitiráselle cada catro cursos escolares ao servizo da inspección educativa.